



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

RESOLUCIÓN

Expediente 2025/E001/000003. Proceso para seleccionar mediante concurso de méritos a un traballador/a para desempeñar o posto e traballo de Educador/a da Escola infantil municipal Raíña Lupa de Boqueixón (grupo III), baixo a modalidade de contrato de substitución.

Aprobación da lista definitiva das persoas admitidas e excluídas. Composición da Comisión seleccionadora. Data proba de lingua galega e data baremación méritos.

ANTECEDENTES

Inminente baixa por incapacidade temporal dunha educador/a infantil da Escola infantil municipal Raíña Lupa de Boqueixón (código de posto 4023 da relación de postos de traballo do Concello).

01.04.2025. Resolución de alcaldía núm. 173/2025. Aprobación das bases reitoras do proceso selectivo e da convocatoria.

07.04.2025. Anuncio BOP núm. 66 da convocatoria de selección e convocatoria.

08.04.2025. Inicio presentación de documentación de instancias.

23.04.2025. Finalización da presentación da documentación de instancias.

02.05.2025. Resolución de alcaldía núm. 240/2025. Aprobación lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

15.05.2025. Finalización de presentación de documentación para subsanación das emendas.

06.05.2025. Núm. rexistro REGAGE25e00037769779 e 07.05.2025. Núm. rexistro de entrada 202599900000484. Natalia Signiorini Carreira acredita a documentación da emenda.

06.05.2025. Núm. rexistro de entrada 202599900000360. Lorena Sánchez Martínez acredita a documentación da emenda.

07.05.2025. Núm. rexistro de entrada 202599900000369. Beatriz Abalde Grela acredita a documentación da emenda.



MARCO XURÍDICO

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local (LRBRL).

[21.1.g)] O alcalde (...) ostenta as seguintes atribucións:

(...) aprobar as bases das probas para a selección do persoal (...)

[91.2] A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante a convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

[103] O persoal laboral será seleccionado pola propia Corporación ateniéndose, en todo caso, ao disposto no artito 91 e co máximo respecto ao principio de igualdade de oportunidades de cantos reúnan os requisitos esixidos-

1^{er} Convenio colectivo das condicións de traballo do persoal laboral ao servizo do Concello de Boqueixón (código de convenio 1504192) [DOG n.º 42 do 02.03.2005]

CUESTIÓN

PRIMEIRA. Transcorrido o prazo de subsanación a alcaldía aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos das persoas aspirantes. Os principios de publicidade, mérito e capacidade que consagra no ámbito local o artigo 91.2 da LRBRL, pola alcaldía aprobarase a lista definitiva de admitidos e excluídos no seu caso, e publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Aprobar a lista defintiva de persoas admitidas e excluídas mediante concurso de méritos a un traballador/a para desempeñar o posto e traballo de Educador/a da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón (grupo III), baixo a modalidade de contrato de substitución.

Persoas candidatas admitidas	
Nome e apelidos	Persoas candidatas exentas/non exentas do Celga 4
Beatriz Abalde Grela	Exenta
Érika Andrade Pérez	Exenta
Ana Barbazán Cantelar	Exenta
Leticia Cabo Hombre	Non exenta*
Olaia Canabal Peón	Exenta
Úrsula Casas Carneiro	Exenta



CONCELLO DE
BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Iago Senén Chas Brocos	Exento
María Esmeralda Cuerva García	Exenta
Noemí Crespo Rodríguez	Exenta
Claudia Fonseca Pontes	Exenta
Sabela Freire Novo	Exenta
Leticia Gestoso Silva	Exenta
Tamara Maroñas Dosil	Exenta
Lola Pardavila Gómez	Exenta
Aida Noya Vázquez	Non exenta*
María Belén Patiño Romarís	Exenta
María Ramos Vigo	Exenta
Selene Rodríguez Carro	Exenta
Lorena Sánchez Martínez	Exenta
María Xosé Sánchez Sebío	Exenta
Belén Sanjurjo Blanco	Exenta
Natalia Signiorini Carreira	Exenta

* Non acredita estar en posesión do título/certificado acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 4, equivalente ou superior. As persoas aspirantes que non o acreditan deberán superar unha proba de coñecemento.

Persoas candidatas excluídas	
Nome e apelidos	Motivo da exclusión
Carla Calvelo Aldrey	A certificación negativa do rexistro central de delinquentes sexuais é de data do 26 de agosto de 2024. Non está actualizado.
Laura Martínez Rial	Non aporta título acreditativo de ningunha das titulacións esixidas na convocatoria.
Uxía Mosquera Castro	Non aporta título acreditativo de ningunha das titulacións esixidas na convocatoria.

SEGUNDO. Comisión seleccionadora

Presidente: Dalmiro Nuñez Méndez, secretario-interventor do Concello de Boqueixón. Presidenta suplente: Adela Lamela Arteaga, xefa de negociado do Concello de Boqueixón.

Secretaria: María Victoria Negrín Blanco, técnico de formación ocupacional do Concello de



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Boqueixón. Secretaria suplente: Pilar Pazos Santasmarinas, auxiliar administrativa do Concello de Boqueixón.

Vogais:

1º Vogal: María Cruz Ferreiro Sanín, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boqueixón. Suplente 1º Vogal: Rosario Iglesias Iglesias, psicóloga do Concello de Boqueixón.

2º Vogal: Begoña Aldrey Neira, educadora da escola infantil Raíña Lupa do Concello de Boqueixón. Suplente de 2º Vogal: María José Pereira Lareo, educadora familiar do Concello de Boqueixón.

3ª Vogal: Patricia Munín Brocos, educadora da escola infantil Raíña Lupa do Concello de Boqueixón. Suplente de 3º Vogal: Cristina Carbajales Nouriño, directora do Centro de Información á Muller do Concello de Boqueixón.

Nomear como asesora para a realización da proba de coñecemento de lingua galega a Andrea Muíño Quintáns, normalizadora lingüística do Concello de Val do Dubra.

Contra a composición deste tribunal poderá presentarse escrito de recusación, de acordo cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO. Data de constitución da Comisión seleccionadora: 3 de xuño de 2025 ás 16:00 horas, para a realización da proba de coñecemento de lingua galega (CELGA 4) e concurso de méritos.

Convocar as aspirantes admitidas Leticia Cabo Hombre e Aida Noya Vázquez para o 03/06/2025 ás 16:30 horas na Casa Consistorial de Boqueixón, lugar de O Forte núm. 18, 15881 Boqueixón (A Coruña) para a realización da proba de coñecemento da lingua galega de conformidade coas bases que rexen este proceso selectivo.

CUARTO. Proceder a publicar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal <https://sede.boqueixon.com/sxc/gl/informacion/>.

QUINTO. Esta resolución, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugna-la directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente

As alegacións presentaranse por algún dos seguintes xeitos:

- Telematicamente, a través da sede electrónica do concello (<https://sede.boqueixon.com/sxc/es/>)
- Presencialmente, no Rexistro Xeral do concello.

Por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEXTO. Dar traslado deste acordo ó Departamento de Secretaría-Intervención do Concello de Boqueixón, dándolle conta ó Pleno da Corporación Local na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Concello de Boqueixón, na data da sinatura electrónica

Ovidio Rodeiro Tato, alcalde-presidente

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor